

III Seminário Internacional de Estudos Galego-Brasileiros

Os processos de emergência lingüística e literária nos espaços galego e brasileiro

LOCAL: Instituto de Letras da UERJ – sala 11.127 F (Salão Nobre)

PERÍODO: 9 A 10 DE JUNHO DE 2008

PATROCÍNIO: CAPES (Brasil) / MECD (Espanha)

APOIOS: PROEG (Programa de Estudos Galegos da UERJ) / NUEG (Núcleo de Estudos Galegos da UFF)

PROGRAMAÇÃO:

. Dia 9 de junho

. 10 horas – Sessão de abertura com a participação da SubReitoria de Pesquisa e Pós-Graduação da UERJ, da Direção do Instituto de Letras e da Coordenação do Convênio de Cooperação Internacional UERJ (Unversidade do Estado do Rio de Janeiro) / UDC (Universidade da Corunha)

. das 10h30m às 12h30m – Reflexões sobre a língua na Galiza e no Brasil

. Conferência 1: “Consideracións sobre as orixes galegas da língua do Brasil” – Prof. Dr. Xosé Ramón Freixeiro Mato (UDC)

Debatedora: Profa. Dra. Marina Machado Rodrigues (UERJ)

. Conferência 2: “A emerxencia da lingüística galega na segunda metade do século XX: a *Gramática* de Ricardo Carvalho Caleiro” – Prof. Dr. Manuel Sánchez Rei (UDC)

Debatedor: Prof. Dr. José Carlos de Azeredo (UERJ)

. das 15h30 às 17h30m - Considerações sobre a poesia galego-brasileira

. Conferência 1: “Identidade nacional e tradición poética medieval. Arredor do(s) neotrobadorismo(s)” – Profa. Dra. Teresa López (UDC)
Debatedora: Profa. Dra. Maria do Amparo Tavares Maleval (UERJ)

. Conferência 2: “A poesía visual e a escrita (cali)gráfica de Uxío Novoneyra – Prof. Dr. Carlos Paulo Martínez Pereiro (UDC)
Debatedora: Profa. Dra. Nadiá Paulo Ferreira (UERJ)

. 18h – Lançamento de *Diáspora ou Aprendiz de galego*, do poeta Reynaldo Valinho Alvarez

. Dia 10 de junho

. 10h30m – Questões relativas ao processo nacionalista galego e brasileiro

. Conferência 1: “A emerxencia dos himnos nacionais na Galiza e no Brasil” – Prof. Dr. Manuel Ferreiro (UDC)

Debatedor: Prof. Dr. Roberto Acízelo Quelha de Souza (UERJ)

. Conferência 2: “De Rosalía de Castro a Castela: o rosto verdadeiro da Galiza” – Profa. Dra. María do Pilar García Negro (UDC)

Debatedora: Profa. Dra. Carmem Lúcia Negreiros de Figueiredo (UERJ)

. 15h30m – Sobre a narrativa fundacional e o teatro “feminista” galego-brasileiro

. Conferência 1: “A construción do discurso histórico na literatura galega” – Carme Fernández Pérez-Sanjulián (UDC)

Debatedora: Profa. Dra. Claudia Maria de Souza Amorim (UERJ)

. Conferência 2: “A renovación dramática na Galiza e no Brasil: a mulher como problema” – Laura Tato Fontaiña (UDC)

Debatedor: Prof. Dr. Iremar Maciel de Brito (UERJ)

18h – Sessão de encerramento, com a participação da Coordenação do Programa de Pós-Graduação do Instituto de Letras da UERJ e da Coordenação do Projeto de Cooperação Internacional UERJ / UDC

RESUMOS DAS CONFERÊNCIAS

MESA TEÓRICA

A EMERXENCIA DOS HIMNO NACIONAIS NA GALIZA E NO BRASIL

Manuel Ferreiro

Neste relatorio abordaranse tres cuestións fundamentais:

1. A relación entre conquista da soberanía política (real ou desexada) e o nacemento dos himnos nacionais, con especial atención ao Brasil e á Galiza.
2. Unha historia do himno galego, nacido no seo do movemento nacionalista galego do século XIX e cunha traxectoria diversa e complexa até a súa definitiva oficialización.
3. Unha aproximación á fortuna textual do poema *Os Pinos*, de onde procede o himno galego, cunha historia de alteracións textuais que son produto histórica das circunstancias en que se desenvolve a cultura galega e o movemento político de recuperación nacional da Galiza.

DE ROSALÍA DE CASTRO A CASTELAO: O ROSTO VERDADEIRO DA GALIZA

M^a do Pilar García Negro

Trátase de percorrermos, de forma sumaria, a historia da Galiza na segunda metade do século XIX e mais na primeira metade do XX (un século, por tanto) a través de dous intérpretes privilexiados, Rosalía de Castro e Castelao, sen os cais non se comprendería ben este período histórico-cultural decisivo na contemporaneidade galega. Rosalía de Castro inaugura a literatura do Primeiro Renacemento e Castelao é a figura central do Segundo Renacemento. Ambos combinarán perspectiva lírica e épica, grande talento artístico, intensa innovación estética e agudo patriotismo e sensibilidade psicosocial. A primeira, aliás, vén ser a pioneira do feminismo galego, sendo medular, na súa obra, a preocupación pola fortuna das mulleres e por todo o universo feminino. O segundo, na súa polifacecia (artista plástico, dramaturgo, narrador, ideólogo, político...) consagra a figura do "renacentista" aplicado á apoloxía e significación artística da súa nación, a Galiza. Ambos verán obras fundamentais da súa produción editadas na emigración-exilio americano: *Follas novas* (1880), de Rosalía, en La Habana; *Sempre en Galiza* (1944), de Castelao, en Buenos Aires.

MESA de POESÍA

Identidade nacional e tradición poética medieval. Arredor do/s neotrobadorismo/s

Teresa López

A lírica trobadoresca galego-portuguesa tornouse unha tradición produtiva nas literaturas contemporáneas galega, portuguesa e brasileira. Nos tres espazos literarios, as cantigas medievais van coñecerse, difundirse e interpretarse, nas respectivas historiografías literarias, principalmente a finais do XIX, desde unha perspectiva nacional, loxicamente diversa, mais con algúns elementos comúns.

Nas tres literaturas, a lírica trobadoresca servirá tamén como punto de partida para novas composicións poéticas, tentativas isoladas ou estruturadas en movementose/ ou escolas poéticas, que se van suceder sobre todo no curso do século XX. A indagación nas orixes e na traxectoria da poesía contemporánea de inspiración trobadoresca (isto é, neotrobadorista) nas literaturas galega, brasileira e portuguesa permitirán sinalar elementos coincidentes e diverxentes e analizar en que medida o recurso á tradición poética medieval serve para marcar como 'nacional' cada un destes discursos literarios.

A poesía visual e a escrita (cali)gráfica de Uxío Novoneyra

Carlos Paulo Martínez Pereiro.

Neste relatorio pretendemos abordar a poética visual e (cali)gráfica do poeta galego Uxío Novoneyra (1930-1999). Máis en concreto, analizaremos o seu cultivo da poesía visiva –presente de maneira significativa a partir da aparición en 1974 do volume *Os eidos 2*, axeitadamente presidido coa epígrafe de *Libro de olladas* que o subtitula– e, nun sentido complementar, abordaremos tamén a práctica escritural da poesía (cali)gráfica que se inicia coa aparición en 1979 do volume *Poemas caligráficos*. Prolongaremos o exame destas dúas modalidades poético-plásticas no conxunto das diversas obras que o autor publica con posterioridade ás dúas inaugurais referidas, dado que a importancia do ollar e, de maneira basililar, a omnipresenza do gráfico acaban adquirindo unha máis do que relevante entidade e progresiva centralidade na práctica lírica deste clásico contemporáneo galego.

Cunha perspectiva comparatista, procederemos, así mesmo e dunha maneira lateral, ao confronto dos resultados desta análise coa produción das poéticas visivas doutros autores galegos —en concreto, a dos integrantes do grupo vigués “Rompente”— e brasileiros —en especial, a precedente dos partícipes do grupo “Noigandres”, dos concretistas e dos neoconcretistas e mais a posterior do paulistano Arnaldo Antunes.

MESA de NARRATIVA E TEATRO

A construción do discurso histórico na literatura galega.

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

A construción da memoria e da historia como elemento primordial para a creación da conciencia nacional, vai ser remarcado e traballado pola intelectualidade galega do século XIX mais sobretudo será a *intelligentsia* galega dos anos 20 a que tome conciencia do papel fundamental que desempeñan os historiadores e intelectuais da cultura, nomeadamente os escritores, en relación coa conformación do discurso histórico. A recuperación da historia vai ser unha constante na configuración da literatura deste período mais o seu protagonismo vai ser, se callar, máis relevante no campo da narrativa, que é onde atopamos as obras máis significativas do período.

Neste traballo propómonos analizar algunha destas obras coa intención de establecer as características fundamentais da narrativa histórica galega, así como das súas relacións co proceso de configuración do discurso identitario na Galiza.

A renovación dramática na Galiza e no Brasil: a muller como problema.

Laura Tato Fontaiña.

A renovación dramática que se iniciou nas décadas de 1920/30, tanto na Galiza como no Brasil, tivo como un dos seus eixos a temática social. A través da análise comparada de pezas clave nos dous ámbitos, estudaremos a percepción que os intelectuais da época tiñan sobre o papel da muller na sociedade. *Adão, Eva e outros Membros da Familia* (1927) de Álvaro Moreira; *Deus lhe Pague* (1932), de Joracy Camargo; e *Sexo* (1934) e *Deus* (1935), de Renato Viana, pola parte brasileira; *Entre dous abismos*, de Antón Vilar Ponte; *María Rosa*, de Gonzalo López Abente; *A tola de Sobrán*, de Francisco Porto Rey; e *Branca* (1935) de Luís Manteiga, pola parte galega, serán os textos utilizados para o desenvolvemento do traballo.

MESA de LINGUA

Consideracións sobre as orixes galegas da lingua do Brasil.

Xosé Ramón Freixeiro Mato.

A lingua falada no Brasil ten a súa orixe na Galiza, pois foi dentro do territorio da Gallaecia medieval, provincia romana do noroeste peninsular hispánico, onde se formou o reino de Portugal, que logo levaría o romance alí orixinado como consecuencia da evolución do latín vulgar polos territorios de ultramar, chegando por tanto ao Brasil. Así pois, a lingua falada no Brasil é orixinariamente o 'galego', pois esta era a denominación primitiva de tal romance, independentemente de que con posterioridade recibise o nome político de 'portugués' por Portugal se converter en reino independente, en tanto que a Galiza ficaba subordinada ao reino de Castela. Tal orixe galega da lingua falada no Brasil xa foi posta en relevo por eruditos e estudiosos brasileiros e galegos. Algúns destes últimos están a conceder na actualidade unha grande importancia a ese feito, subliñando a maior proximidade entre as variantes galega e brasileira do tronco común galego-portugués da existente entre o galego e o portugués europeo. Ao mesmo tempo consideran que esa estreita relación debe ser aproveitada para intentar incrementar o presitixio interno do galego e a súa proxección exterior como importante vehículo de comunicación internacional.

A emerxencia da lingüística galega na segunda metade do século XX: A *Gramática* de Ricardo Carvalho Calero

Xosé Manuel Sánchez Rei

En finais do século XIX emerxe a lingüística galega, como máis unha subsecuente reivindicación do movemento de rexeneración cultural, política e económica denominado Rexurdimento. Após un certo período de arritmias, no primeiro terzo da centuria seguinte, e como produto, igualmente, dunha nova sensibilidade social cara aos sinais identitarios do pobo galego, ten lugar unha segunda bagaxe de estudos gramaticais e lexicais, que se viría fendida polo golpe de estado do ano 1936 e polas posteriores Guerra Civil española e represora ditadura. Porén, nos anos finais deste rexime ditatorial, a coincidir cuns mínimos (embora insuficientes) sinais de abertura e de tolerancia por parte dos organismos de goberno central español, sae do prelo a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero, destinada nomeadamente ao público universitario. A partir de aquí, podemos falar dunha (re)emerxencia dos estudos consagrados á lingüística e á gramática na Galiza, pois esa obra axiña virou un manancial fundamental para todas aquelas persoas interesadas no funcionamento da nosa lingua e nas súas particularidades. Tal contributo, que chegou a ter sete edicións en tan só trece anos (a primeira en 1966 e a segunda en 1979), serviu para actualizar a especulación científica sobre o galego, cumprindo o papel que, no seu tempo, en 1868, xa desenvolvera a gramática de Saco Arce.

III Seminário Internacional de Estudos Galego-Brasileiros

Os processos de emergência lingüística e literária nos espaços galego e brasileiro

LOCAL: Instituto de Letras da UERJ – sala 11.127 F (Salão Nobre)

PERÍODO: 9 A 10 DE JUNHO DE 2008

PATROCÍNIO: CAPES (Brasil) / MECD (Espanha)

APOIOS: PROEG (Programa de Estudos Galegos da UERJ) / NUEG (Núcleo de Estudos Galegos da UFF)

PROGRAMAÇÃO:

. Dia 9 de junho

. 10 horas – Sessão de abertura com a participação da SubReitoria de Pesquisa e Pós-Graduação da UERJ, da Direção do Instituto de Letras e da Coordenação do Convênio de Cooperação Internacional UERJ (Unversidade do Estado do Rio de Janeiro) / UDC (Universidade da Corunha)

. das 10h30m às 12h30m – Reflexões sobre a língua na Galiza e no Brasil

. Conferência 1: “Consideracións sobre as orixes galegas da língua do Brasil” – Prof. Dr. Xosé Ramón Freixeiro Mato (UDC)

Debatedora: Profa. Dra. Marina Machado Rodrigues (UERJ)

. Conferência 2: “A emerxencia da lingüística galega na segunda metade do século XX: a *Gramática* de Ricardo Carvalho Caleiro” – Prof. Dr. Manuel Sánchez Rei (UDC)

Debatedor: Prof. Dr. José Carlos de Azeredo (UERJ)

. das 15h30 às 17h30m - Considerações sobre a poesia galego-brasileira

. Conferência 1: “Identidade nacional e tradición poética medieval. Arredor do(s) neotrobadorismo(s)” – Profa. Dra. Teresa López (UDC)
Debatedora: Profa. Dra. Maria do Amparo Tavares Maleval (UERJ)

. Conferência 2: “A poesía visual e a escrita (cali)gráfica de Uxío Novoneyra – Prof. Dr. Carlos Paulo Martínez Pereiro (UDC)
Debatedora: Profa. Dra. Nadiá Paulo Ferreira (UERJ)

. 18h – Lançamento de *Diáspora ou Aprendiz de galego*, do poeta Reynaldo Valinho Alvarez

. Dia 10 de junho

. 10h30m – Questões relativas ao processo nacionalista galego e brasileiro

. Conferência 1: “A emerxencia dos himnos nacionais na Galiza e no Brasil” – Prof. Dr. Manuel Ferreiro (UDC)

Debatedor: Prof. Dr. Roberto Acízelo Quelha de Souza (UERJ)

. Conferência 2: “De Rosalía de Castro a Castela: o rosto verdadeiro da Galiza” – Profa. Dra. María do Pilar García Negro (UDC)

Debatedora: Profa. Dra. Carmem Lúcia Negreiros de Figueiredo (UERJ)

. 15h30m – Sobre a narrativa fundacional e o teatro “feminista” galego-brasileiro

. Conferência 1: “A construción do discurso histórico na literatura galega” – Carme Fernández Pérez-Sanjulián (UDC)

Debatedora: Profa. Dra. Claudia Maria de Souza Amorim (UERJ)

. Conferência 2: “A renovación dramática na Galiza e no Brasil: a mulher como problema” – Laura Tato Fontaiña (UDC)

Debatedor: Prof. Dr. Iremar Maciel de Brito (UERJ)

18h – Sessão de encerramento, com a participação da Coordenação do Programa de Pós-Graduação do Instituto de Letras da UERJ e da Coordenação do Projeto de Cooperação Internacional UERJ / UDC

RESUMOS DAS CONFERÊNCIAS

MESA TEÓRICA

A EMERXENCIA DOS HIMNO NACIONAIS NA GALIZA E NO BRASIL

Manuel Ferreiro

Neste relatorio abordaranse tres cuestións fundamentais:

1. A relación entre conquista da soberanía política (real ou desexada) e o nacemento dos himnos nacionais, con especial atención ao Brasil e á Galiza.
2. Unha historia do himno galego, nacido no seo do movemento nacionalista galego do século XIX e cunha traxectoria diversa e complexa até a súa definitiva oficialización.
3. Unha aproximación á fortuna textual do poema *Os Pinos*, de onde procede o himno galego, cunha historia de alteracións textuais que son produto histórica das circunstancias en que se desenvolve a cultura galega e o movemento político de recuperación nacional da Galiza.

DE ROSALÍA DE CASTRO A CASTELAO: O ROSTO VERDADEIRO DA GALIZA

M^a do Pilar García Negro

Trátase de percorrermos, de forma sumaria, a historia da Galiza na segunda metade do século XIX e mais na primeira metade do XX (un século, por tanto) a través de dous intérpretes privilexiados, Rosalía de Castro e Castelao, sen os cais non se comprendería ben este período histórico-cultural decisivo na contemporaneidade galega. Rosalía de Castro inaugura a literatura do Primeiro Renacemento e Castelao é a figura central do Segundo Renacemento. Ambos combinarán perspectiva lírica e épica, grande talento artístico, intensa innovación estética e agudo patriotismo e sensibilidade psicosocial. A primeira, aliás, vén ser a pioneira do feminismo galego, sendo medular, na súa obra, a preocupación pola fortuna das mulleres e por todo o universo feminino. O segundo, na súa polifaceta (artista plástico, dramaturgo, narrador, ideólogo, político...) consagra a figura do "renacentista" aplicado á apoloxía e significación artística da súa nación, a Galiza. Ambos verán obras fundamentais da súa produción editadas na emigración-exilio americano: *Follas novas* (1880), de Rosalía, en La Habana; *Sempre en Galiza* (1944), de Castelao, en Buenos Aires.

MESA de POESÍA

Identidade nacional e tradición poética medieval. Arredor do/s neotrobadorismo/s

Teresa López

A lírica trobadoresca galego-portuguesa tornouse unha tradición produtiva nas literaturas contemporáneas galega, portuguesa e brasileira. Nos tres espazos literarios, as cantigas medievais van coñecerse, difundirse e interpretarse, nas respectivas historiografías literarias, principalmente a finais do XIX, desde unha perspectiva nacional, loxicamente diversa, mais con algúns elementos comúns.

Nas tres literaturas, a lírica trobadoresca servirá tamén como punto de partida para novas composicións poéticas, tentativas isoladas ou estruturadas en movementose/ ou escolas poéticas, que se van suceder sobre todo no curso do século XX. A indagación nas orixes e na traxectoria da poesía contemporánea de inspiración trobadoresca (isto é, neotrobadorista) nas literaturas galega, brasileira e portuguesa permitiranos sinalar elementos coincidentes e diverxentes e analizar en que medida o recurso á tradición poética medieval serve para marcar como 'nacional' cada un destes discursos literarios.

A poesía visual e a escrita (cali)gráfica de Uxío Novoneyra

Carlos Paulo Martínez Pereiro.

Neste relatorio pretendemos abordar a poética visual e (cali)gráfica do poeta galego Uxío Novoneyra (1930-1999). Máis en concreto, analizaremos o seu cultivo da poesía visiva –presente de maneira significativa a partir da aparición en 1974 do volume *Os eidos 2*, axeitadamente presidido coa epígrafe de *Libro de olladas* que o subtitula– e, nun sentido complementar, abordaremos tamén a práctica escritural da poesía (cali)gráfica que se inicia coa aparición en 1979 do volume *Poemas caligráficos*. Prolongaremos o exame destas dúas modalidades poético-plásticas no conxunto das diversas obras que o autor publica con posterioridade ás dúas inaugurais referidas, dado que a importancia do ollar e, de maneira basililar, a omnipresenza do gráfico acaban adquirindo unha máis do que relevante entidade e progresiva centralidade na práctica lírica deste clásico contemporáneo galego.

Cunha perspectiva comparatista, procederemos, así mesmo e dunha maneira lateral, ao confronto dos resultados desta análise coa produción das poéticas visivas doutros autores galegos —en concreto, a dos integrantes do grupo vigués “Rompente”— e brasileiros —en especial, a precedente dos partícipes do grupo “Noigandres”, dos concretistas e dos neoconcretistas e mais a posterior do paulistano Arnaldo Antunes.

MESA de NARRATIVA E TEATRO

A construción do discurso histórico na literatura galega.

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

A construción da memoria e da historia como elemento primordial para a creación da conciencia nacional, vai ser remarcado e traballado pola intelectualidade galega do século XIX mais sobretudo será a *intelligentsia* galega dos anos 20 a que tome conciencia do papel fundamental que desempeñan os historiadores e intelectuais da cultura, nomeadamente os escritores, en relación coa conformación do discurso histórico. A recuperación da historia vai ser unha constante na configuración da literatura deste período mais o seu protagonismo vai ser, se callar, máis relevante no campo da narrativa, que é onde atopamos as obras máis significativas do período.

Neste traballo propómonos analizar algunha destas obras coa intención de establecer as características fundamentais da narrativa histórica galega, así como das súas relacións co proceso de configuración do discurso identitario na Galiza.

A renovación dramática na Galiza e no Brasil: a muller como problema.

Laura Tato Fontaiña.

A renovación dramática que se iniciou nas décadas de 1920/30, tanto na Galiza como no Brasil, tivo como un dos seus eixos a temática social. A través da análise comparada de pezas clave nos dous ámbitos, estudaremos a percepción que os intelectuais da época tiñan sobre o papel da muller na sociedade. *Adão, Eva e outros Membros da Familia* (1927) de Álvaro Moreira; *Deus lhe Pague* (1932), de Joracy Camargo; e *Sexo* (1934) e *Deus* (1935), de Renato Viana, pola parte brasileira; *Entre dous abismos*, de Antón Vilar Ponte; *María Rosa*, de Gonzalo López Abente; *A tola de Sobrán*, de Francisco Porto Rey; e *Branca* (1935) de Luís Manteiga, pola parte galega, serán os textos utilizados para o desenvolvemento do traballo.

MESA de LINGUA

Consideracións sobre as orixes galegas da lingua do Brasil.

Xosé Ramón Freixeiro Mato.

A lingua falada no Brasil ten a súa orixe na Galiza, pois foi dentro do territorio da Gallaecia medieval, provincia romana do noroeste peninsular hispánico, onde se formou o reino de Portugal, que logo levaría o romance alí orixinado como consecuencia da evolución do latín vulgar polos territorios de ultramar, chegando por tanto ao Brasil. Así pois, a lingua falada no Brasil é orixinariamente o 'galego', pois esta era a denominación primitiva de tal romance, independentemente de que con posterioridade recibise o nome político de 'portugués' por Portugal se converter en reino independente, en tanto que a Galiza ficaba subordinada ao reino de Castela. Tal orixe galega da lingua falada no Brasil xa foi posta en relevo por eruditos e estudiosos brasileiros e galegos. Algúns destes últimos están a conceder na actualidade unha grande importancia a ese feito, subliñando a maior proximidade entre as variantes galega e brasileira do tronco común galego-portugués da existente entre o galego e o portugués europeo. Ao mesmo tempo consideran que esa estreita relación debe ser aproveitada para intentar incrementar o presitixio interno do galego e a súa proxección exterior como importante vehículo de comunicación internacional.

A emerxencia da lingüística galega na segunda metade do século XX: A *Gramática* de Ricardo Carvalho Calero

Xosé Manuel Sánchez Rei

En finais do século XIX emerxe a lingüística galega, como máis unha subsecuente reivindicación do movemento de rexeneración cultural, política e económica denominado Rexurdimento. Após un certo período de arritmias, no primeiro terzo da centuria seguinte, e como produto, igualmente, dunha nova sensibilidade social cara aos sinais identitarios do pobo galego, ten lugar unha segunda bagaxe de estudos gramaticais e lexicais, que se viría fendida polo golpe de estado do ano 1936 e polas posteriores Guerra Civil española e represora ditadura. Porén, nos anos finais deste rexime ditatorial, a coincidir cuns mínimos (embora insuficientes) sinais de abertura e de tolerancia por parte dos organismos de goberno central español, sae do prelo a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero, destinada nomeadamente ao público universitario. A partir de aquí, podemos falar dunha (re)emerxencia dos estudos consagrados á lingüística e á gramática na Galiza, pois esa obra axiña virou un manancial fundamental para todas aquelas persoas interesadas no funcionamento da nosa lingua e nas súas particularidades. Tal contributo, que chegou a ter sete edicións en tan só trece anos (a primeira en 1966 e a segunda en 1979), serviu para actualizar a especulación científica sobre o galego, cumprindo o papel que, no seu tempo, en 1868, xa desenvolvera a gramática de Saco Arce.